

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CONSTRUCCIÓN DE REIXAS NAS IGREXAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Arcebispo de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Arcebispo de Santiago de Compostela para a construción de reixas nas igrexas do Camiño de Santiago

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do 2 produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Segundo.- O Arcebispo de Santiago de Compostela esta interesado en poñer en valor o seu patrimonio e compartilo coa cidadanía. O Arcebispo é o titular das igrexas cuxa





apertura ás persoas peregrinas é necesaria para a divulgación do patrimonio vinculado ao Camiño de Santiago e por tanto o único capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade, non resultando posible a concorrencia pública.

Terceiro.- Unha das formas de promoción do Camiño é a posta en valor dos seus bens inmoables, tendo unha gran riqueza cultural, histórica e artística as igrexas por onde pasa o Camiño; así como as existentes na meta do mesmo como é Santiago de Compostela. A maior afluencia de peregrinos ten lugar no verán.

O Camiño Inglés conta en Galicia con dúas alternativas: o itinerario dende A Coruña é o máis curto –73 km– que o que parte de Ferrol–112,5 km–. Ambos, cheos de atractivos e historia, conflúen a metade de camiño, na localidade de Bruma, onde continúan xuntos os últimos 40 km ata Compostela. A estratéxica situación dos portos destas cidades galegas potenciou de maneira evidente a ruta dos peregrinos que chegaban dos países escandinavos e, sobre todo, ingleses, escoceses, irlandeses e flamencos.

O obxecto do presente proxecto é posibilitar aos peregrinos que se achegan a Santiago de Compostela polo Camiño Inglés ver e gozar o interior das capelas e igrexas que se sitúan ao longo dos devanditas roteiros de peregrinación.

Con todo é imposible poder dispoñer de persoal suficiente que atenda aos peregrinos e faga posible a apertura das devanditas igrexas. Para iso contéplanse neste proxecto a disposición de reixas nuns casos e de apertura de ocos nas portas de entrada, noutros para que, podendo estar as igrexas pechadas, poida contemplarse o seu interior.

Esta actuación complementábase coa disposición dunha iluminación mediante a instalación de moedeiro con temporizador que permiten a mellor visión dos propios interiores.

As capelas e igrexas sobre as que se actúa no presente proxecto son os seguintes templos situados no Camiño Inglés:

Igrexa do Divino Salvador - Fene

Capela de Santa Ana (Divino Salvador de Fene) - Fene

Igrexa de San Martiño de Porto - Cabanas

Igrexa de Santo André– Cabanas

San Pantaleón das Viñas – Paderne



Capela de Bruma (San Pedro de Vizoño) - Mesía

Igrexa das Virtudes -Pontedeume

Igrexa de Santiago de Sigrás – Cambre

Igrexa de Santaia de Leiro - Abegondo

Capela de San Roque en As Travesas (Santa Mariña de Beira) - Carral

Igrexa de Santa María de Presedo – Abegondo

Igrexa de Santo André de Barciela -Santiago de Compostela

Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada no apoio ao Camiño de Santiago e na divulgación do patrimonio vinculado ao mesmo, coa apertura de igrexas, como bens culturais que son, de xeito que se contribúa á promoción do Camiño de Santiago, así como a promoción e difusión dos valores universais que lle son propios.

Que a través deste convenio, outórgase ó Arcebispado de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela



O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

